

# *A contribución ao proceso de normalización lingüística de partidos políticos, sindicatos, institucións e asociacións que desenvolven o seu labor na cidade da Coruña. III*

LUCÍA VEIGA LÓPEZ

Moitas grazas, bos días a todos e a todas tamén, estou abrumada, moitas grazas á organización por permitirme compartir esta mesa con persoeiros desta calidade. Simplemente esperamos darlles a todos unha visión o máis obxectiva e práctica posible da contribución que fai Xacarandaina á normalización do uso do galego, non lles vou dar unha visión utópica ou quizais o que esperarían oír, senón o que é a realidade en Xacarandaina. Como representante da asociación xuvenil, e quero recalcar polo que despois direi que é xuvenil, non é cultural, como representante de Xacarandaina pedíuseme que fixese unha exposición sobre este tema. Pero esta contribución para min, cando pensei nesta pequena charla, ten dúas partes: primeiro a actitude en si da asociación fronte ao uso do galego, e despois a influencia que ten nos seus socios que son cidadáns, por suposto. Se estudamos a nosa cultura lingüística, primeiro teremos que ter en conta que un ente que cumpriu xa vinte e cinco anos, como Xacarandaina, pasou por distintas etapas e por tanto hai que contemporizar a contribución.

Xacarandaina nace en outubro de 1978, primeiro como un grupo de música e baile tradicional. É froito dunha idea común dun grupo de persoas que pretenderon levar o noso folclore ao posto que lle correspondía investigándoo e presentándoo sen desvirtualo. Un ano máis tarde, no 1979, créase a asociación xuvenil co mesmo nome e ten como obxectivo principal recollido nos estatutos educar para un maior goce do tempo de lecer. Esta educación pretendíase facer nun contexto galego e de aproximación á nosa cultura en xeral, non só ao noso folclore, posto que xa nun primeiro momento se ofreceron actividades de todo tipo, plásticas, de teatro de todas as formas. Persoalmente non fun testemuña directa desta

creación, porque eu mesma teño 25 anos, pero si son consciente da intención destes fundadores e do labor de consenso que tiveron que facer. Refírome con isto a que se reuniron alí unha serie de persoas novas con certas conviccións políticas e culturais que por fin tiñan posibilidade de expresión e voz nunha recién estreada democracia, e outro grupo de persoas herdeiras dunha concepción anterior pero, iso si, de mente aberta, senón eu penso que non pegarían neste tipo de asociación. Quizais, este último tipo de persoas, valoraban o folclore desde o punto de vista anecdótico pero desvinculado do ser galego en si.

Os nosos primeiros estatutos e o regulamento de réxime interno foron redactados en castelán seguindo un modelo proporcionado polas autoridades competentes do momento, é dicir, os primeiros estatutos de Xacarandaina foron en castelán, non o podemos esconder. Dende a súa fundación, en Xacarandaina pódense escoitar as dúas linguas, pero é ben certo que diglosicamente polo xeral. Cos anos esta situación vaise tornando e, se cadra, o primeiro chanzo da transformación foi a tradución destes estatutos ao galego, e a normalización de Xacarandaina foi paulatina e séguese sendo. Hai anos que todos os documentos de Xacarandaina son redactados en galego, e refírome a folletos de inscrición, carteis, publicidade, a propia páxina web e calquera tipo de acto ou evento público dos que se organizan cada ano son completamente en galego. Hai que subliñar tamén que o noso regulamento de réxime interno aínda foi traducido no ano 2003. Isto indica que as distintas xuntas directivas amosan, se cadra, unha desidia polo proceso lingüístico ou, polo menos, menos interese nunhas cuestións burocráticas que pasan por ser menos importantes pero que vemos que non o son. Non quero tirar pedras contra o meu propio tellado pero é certo que ás veces o papeleo asusta ás xuntas directivas e sobre todo cando son novas. A primeira conclusión, pois, que pretendo que extraian é que Xacarandaina internamente sufriu unha evolución no seu propio proceso de normalización, como a propia cidade, como os socios, como os cidadáns. Na assemblea extraordinaria en que se aprobou a tradución ao galego do regulamento de réxime interno incluíuse tamén un apartado no que se recolle a obrigatoriedade de impartir as clases relacionadas co folclore en galego, algo que era obvio xa para moitos dende había anos. Algún de vostedes me preguntará ou se preguntará «Por que non a obrigatoriedade do uso do galego para todas as actividades e non só para as folclóricas? –folclóricas entendido dende o meu punto de vista–. Este tipo de decisións sométese a votación e a maioría da assemblea é a que decide. Con isto deducimos, por tanto, que a maior parte da masa social que forma Xacarandaina aínda non aceptou o galego como ferramenta de comunicación factible para todos os contextos, ou simplemente consideraron que os mestres doutras actividades eran libres de escoller a lingua que preferisen. Por suposto, esta pequena masa social de Xacarandaina é un reflexo a escala da nosa cidade. Este grupo de cidadáns selecciona os contextos lingüísticos por suposto nos que fala galego. Hai que ter en conta a localización física tamén do noso local que está xunto á Praza de San Paulo no centro da cidade. É dicir, aínda que hai moita variedade de participación a grande maioría dos socios de Xacarandaina pertence ao centro, a un estatus, como falaba Pilar García Negro antes, socioeconómico diferente doutros barrios, por exemplo.

Non é o meu cometido agora mesmo salientar como segue influíndo a clase social ou a situación na fala galega da Coruña, pero esa é a nosa experiencia dende dentro de Xacarandaina. Evidentemente e, esperemos, Xacarandaina –é unha asociación– segue e seguirá evolucionando de xeito que, canto máis normalizado estea o uso do galego na propia organización interna da asociación máis chegará esta normalización ao alumnado e á masa social. É unha evolución mútua, recíproca e enriquecida polos propios socios que, debido á nosa condición de asociación xuvenil, forman parte das xuntas directivas entre os 18 e os 30 anos. Chegamos moi verdes e marchamos no momento en que podemos achegar algo. É deber e é dereito destas mozas xuntas directivas completar un proceso que, penso, corre á par do proceso de normalización da cidade pero que no noso caso xa debería ir por diante del moitos anos. A mellor arma, e cando digo arma dígoo con todas as comiñas posibles, que ten Xacarandaina para concienciar os seus membros é o contacto directo co folclore e coa cultura tradicional. En Xacarandaina hai rapaces que xa dende os catro anos se sumerxen no baile e na música da nosa terra e para moitos, inclúome, chega a ser como unha droga. Pero este contacto que ao principio asocian sen máis a unha actividade extraescolar vai calando fondo e con doce e trece anos temos rapaces afeitos a escoitar galego noutro contexto que non é o escolar, as clases da súa escola. Veñen sendo conscientes da importancia do seu uso, toman contacto coas distintas variedades dialectais ofrecidas por medio da exposición de recollidas dos nosos traballos de campo ou ben participando eles mesmos nas recollidas, e saben que o emprego da nosa lingua é completamente normal e correcto en calquera contexto, polo menos é o que pretendemos. É un labor particular, familiar e social conseguir que esta concienciación sexa completa. Xacarandaina pode contribuír rematando o seu propio proceso de normalización pero, como o peixe que morde a cola, esta normalización só será efectiva se a fan os socios, as persoas que estean convencidos dela e que pasen a modificar os erros ou as lagoas que aínda haxa en Xacarandaina.

Supoño que entenderán que non presenteí a miña asociación como un modelo de normalización. Simplemente quixen amosar o estado da cuestión e resaltar que somos conscientes da nosa responsabilidade, pois tamén somos educadores de cidadáns, vítimas dun conflito lingüístico que está a pasar do subconsciente colectivo á praxe máis obxectiva e desperta. Esta práctica normalizada do uso do galego, un dos nosos principais obxectivos, das dúas xuntas ás que pertenzo, persoais e con respecto aos socios para axudalos tamén no que poidamos. Ben, non sei se fun breve ou extensa pero espero que fora interesante, grazas.